



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Psicoloxía social da saúde		Código	652438009
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	López-Cortón Facal, Ana María	Correo electrónico	ana.lopez-corton@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura explora a relación entre o comportamento e a saúde. Esta relación examínase de acordo con os modelos explicativos do comportamento de saúde e enfermidade. Os contidos centranse nos tres eixos centrais da Psicoloxía da saúde: Os procesos de cambio de actitudes, O estrés e o apoio social e a súa influencia na saúde			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Recoñecer e respectar a diversidade humana e comprender que as explicacións psicolóxicas poden variar a través de poboacións e contextos.
A3	Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
A4	Ser capaz de lograr un adecuado nivel de comprensión da demanda do destinatario en cada situación ou contexto de aplicación.
A5	Ser capaz de realizar unha avaliación psicolóxica no contexto dunha investigación científica.
A7	Saber realizar un seguimento sobre un caso elixindo obxectivos pertinentes e realistas.
A11	Coñecer as limitacións e restricións de todo tipo (persoais, sociais, económicas,éticas, etc.) que ten a investigación científica e técnica.
A12	Adquirir un coñecemento teórico básico sobre o estado da arte nas diferentes áreas implicadas na psicoloxía aplicada.
A13	Coñecer e ser capaz de utilizar os diferentes modelos, teorías, métodos e técnicas de avaliación e intervención que son específicos dos distintos ámbitos da investigación en Psicoloxía Aplicada e desenvolver unha actitude crítica propia do espírito científico.
A14	Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.
A18	Mostrar un compromiso ético e profesional con respecto ás responsabilidades cívicas, sociais e globais.
A20	Coñecer os distintos modelos de avaliación e intervención no ámbito da Psicoloxía Social Aplicada.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B8	Aprendizaxe autónoma.
B9	Iniciativa e espírito emprendedor.
B10	Motivación pola calidade.
B11	Resolución de problemas.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Conocer os diferentes modelos, teorías e técnicas de intervención da psicoloxía social da saúde	AI3 AI4 AI5 AI7 AI12 AI13 AI14	BI1	CM3
Identificar os factores persoais, psico-sociais e comunitarios que poden afectar a saúde das persoas.	AI1 AI3 AI7 AI11 AI12 AI13 AI14 AI20	BI2 BI11	
Comprender ás responsabilidades cívicas, sociais e globais implicadas e interactuantes na saúde das persoas a nivel individual, grupal e societal.	AI1 AI18	BI8 BI9 BI10 BI11	CM6 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Psicoloxía social, saúde e saúde mental 2. Relación entre saúde e comportamento.Hábitos saudables 3. Modelos explicativos da conduta de saúde e de risco 4. Os procesos de cambio de actitudes no ámbito da saúde 5. O apoio social e a súa influencia na saúde	1. Psicoloxía social, saúde e saúde mental 2. Relación entre saúde e comportamento.Hábitos saudables 3. Modelos explicativos da conduta de saúde e de risco 4. Os procesos de cambio de actitudes no ámbito da saúde 5. O apoio social e a súa influencia na saúde

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A4 A5 A7 A11 A12 A13 C3 C6	7	10	17
Presentación oral	A7 B1 C3 C6	4	0	4
Recensión bibliográfica	A1 A3 A11 A12 A13 A14 B1 B2 B8 B9 B10 B11 C3 C6 C8	0	18	18
Sesión maxistral	A1 A11 A12 A13	16	0	16
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 A7 A11 A12 A13 A14 A18 A20 B1 C3 C6	4	14	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas	Conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editado como fonte de profundización nos contidos traballados
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e o profesorado interactúan dun modo ordenado, expondo cuestións, facendo aclaracións e exponendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso, comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación á súa propia experiencia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral tamén é coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Esta referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Monitoraxe dos traballos individuais que realiza cada alumno. Orientación sobre a metodoloxía e as fontes documentais que debe manexar e sobre a redacción do informe final do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Lecturas	A1 A4 A5 A7 A11 A12 A13 C3 C6	Conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editado como fonte de profundización nos contidos traballados. Computa na avaliación a través das outras metodoloxías	30
Presentación oral	A7 B1 C3 C6	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal do alumnado expoñendo cuestións, facendo aclaracións e traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Computa na avaliación a través das outras metodoloxías	20
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 A7 A11 A12 A13 A14 A18 A20 B1 C3 C6	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Esta referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Se o alumno supera satisfactoriamente a avaliación dos traballos tutelados, eximiráselle da realización da proba de ensaio, nese caso esta metodoloxía supoñerá o 75% da cualificación	50



Observacións avaliación

Convocatoria ordinaria

A nota final será a suma de todas as metodoloxías. Todas ás tarefas deben ser entregadas na data fixada o inicio do cuatrimestre. É necesario aprobar cada unha das partes para poder superar a asignatura

Convocatoria Extraordinaria

O sistema de avaliación será o mesmo en todas as convocatorias. O alumnado poderá gardar a nota das metodoloxías que teña superadas e repetir aquelas que non superase.

Todas as tarefas deberán ser entregadas no campus virtual como fecha tope o día e hora do examen oficial de fixado en xunta de centro.

Alumnado con asistencia parcial ou dispensa académica :

O sistema de avaliación será o mesmo que nos casos anteriores. Además, deberá poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para substituír a sesión maxistral por tarefas consistentes en estudo de casos ou traballos tutelados

REALIZACIÓN FRAUDULENTA (PLAXIO) DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:

Aplicarse o Regulamento disciplinar do estudantado da UDC (Consello de Goberno do 28/06/2023), artigo 11, apartado 4 b), que establece a "cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario?

Fontes de información

Bibliografía básica

BIBLIOGRAFÍA Blanco, A y Rodríguez Marín, J. (2007). Intervención Psicosocial. Madrid: Prentice.Hall.Barriga, S; León, J.M. (Eds) (1990) Psicología de la Salud: aportaciones desde la Psicología Social. Sevilla.: Sedal.Clemente, M. (1992). Psicología Social Aplicada. Madrid: Eudema (20 edición editada en Ed. Pirámide, 1996).Gil Lacruz, M. (2007). Psicología Social: un compromiso aplicado a la salud. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.Gutierrez, T., Raich, R.M., Sánchez, D. & Deus, J. (Coords) (2003) Instrumentos de evaluación en Psicología de la salud. Madrid: Alianza Editorial.Kruglanski, A. W. & Higgins, E. T. (2007). Social Psychology: Handbook of Basic Principles. Nueva York: The Guilford Press Marelich, W. D. & Erger, J. S. (2004). The Social Psychology of Health, Essays and Readings. Nueva York: Sage.Olivares, J, Macià, D., Rosa Alcázar, A.I. (2013). Intervención psicológica. Estrategias, técnicas y tratamientos. Madrid: Pirámide.Rodríguez, M. (1995). Psicología Social de la Salud. Madrid: Síntesis.Rodríguez Marín, J. & Neipp López, M. C. (2008). Manual de psicología social de la salud. Madrid: Sintesis.Salovey, P. & Rothman, A. J. (2003). Social psychology of health: key readings. Nueva York: Psychology Press. Recursos online www.socialpsychology.org

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías